

# Información

## 25/05/2020

# COVID-19

Hoxe Domingo publicase a Orden de Sanidade 442 (que se pode descargar aquí: [Download](#)) na que se relaciona os Territorios que entran na Fase 2, entre os que se atopa Galicia, eos que entran na Fase 1, a partir de mañán día 25. Enviamos a copia para que se vexan estes territorios en todo o Estado. A Fase 2 establece:

### COMERCIO E PRESTACION DE SERVICIOS:

1.-Apertura distes establecementos do 40% do seu aforo(centros e parques comerciais tamén) iste deberá determinarse en base a distancia de seguridade de 2 metros, e senón só se poderá atender a un cliente

2.-Iste aforo deberá informarse en cartel xunto cas señalizaciones no chan da distancia e organización do movemento dentro do establecemento. Non se poderá estar en zonas comúns salvo para transitálas, e deberán respectarse medidas de hixiene e prevención para clientes e traballadores recollidos na orden 414 de Sanidade(BOE 16-05-2020).

3.-A xunta poderá cambiar o aforo entre o 30% e 50% distes establecementos , pero a día de hoxe aínda non se fixo.

### HOSTELERIA E RESTAURACION(excepción discotecas e bares de festa nocturna)

1.-Apertura interior do 40% do seu aforo consumindo sentado, non permitindo o autoservicio en barra por parte do cliente pero si poderá venderse produtos para levar para casa.

2.-As terrazas seguen o mesmo que na Fase 1: un 30% da sua ocupación habitual, podendo ampliarse por parte do Concello e respectando a distancia de seguridade.

3.-A xunta poderá cambiar o aforo dos interiores e das terrazas entre o 30% e 50%, pero a día de hoxe aínda non se fixo.

4.-Eliminaranse os “servilleteros”, “palilleros”, vinagretas, aceiteiras, cartas de uso común, priorizando os produtos desbotables e de un só uso.

5.-Medidas de hixiene e prevención de limpeza e desinfección de mobiliario, especialmente entre clientes, pondo a súa disposición dispensadores desinfectantes e facendo unha atención especial os aseos.

- Esta orden terá que compatibilizarse ca que informamos o venres sobre a posibilidade de que nos concellos con menos de 10.001 h. e de densidade inferior a 100 h/Km poderán xa consumirse no interior distes locais. Enlace de concellos os que se poden acoller  
□ [https://www.xunta.gal/c/document\\_library/get\\_file?folderId=31608&name=DLFE-36928.pdf](https://www.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=31608&name=DLFE-36928.pdf)
- \*Tamén deberá compatibilizarse ca obrigatoriedade do uso de mascarillas no interior e espazos públicos cando non sexa posible manter a distancia de 2 metros.
- Non se admite nesta Fase 2 o movemento sin causa entre provincias.

ASESORÍA BIEITO.